

28 Marzo de 2016 - Revista 1066

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 7

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 10

NOVAS DE EMPREGO / 12

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 16

EN PORTADA

Exposición proxectos presentados no concurso de deseño do cartel para o programa Xuventude Crea 2016

Martes, 22 Marzo 2016 11:37



xuventude.net
Concurso do cartel de
Xuventude Crea 2016

O vindeiro martes **29 de marzo de 2016** ás **16: 30 horas** terá lugar a inauguración da exposición dos traballos presentados no concurso do deseño de cartel para o programa **Xuventude Crea 2016**.

Lugar:

Espazo Xove de Ourense
R/ Celso Emilio Ferreiro, 27
32004 Ourense

Os traballos estarán expostos ata o **30 de abril de 2016**.

Galicia sitúase entre as rexións con máis proxectos aprobados e maior participación no programa europeo Erasmus+: Xuventude en Acción

Luns, 28 Marzo 2016 07:43

Galicia continúa a ser é unha das rexións máis activas no número de proxectos presentados e aprobados, nos fondos recibidos da *Unión Europea (UE)* e no número de mozos e mozas participantes no programa **Erasmus+: Xuventude en Acción**, en concreto, no tocante a programas de mobilidade e aprendizaxe non formal. Así se pon de manifesto no balance actualizado de proxectos aprobados no que vai de ano ao abeiro deste programa europeo que coordina a *Xunta de Galicia* a través *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

Deste xeito, na primeira quenda de 2016 do **Erasmus+: Xuventude en Acción** foron aprobados na nosa *Comunidade Autónoma* un total de 16 proxectos promovidos por concellos, grupos informais de mozos e mozas e entidades sen ánimo de lucro cun orzamento superior aos 220.000 euros no seu conxunto nalgunha das tres accións clave en que se estrutura este programa: mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe; cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas; e apoio ás reformas das políticas. O prazo de presentación de proxectos da segunda e terceira quenda de 2016 nestas tres accións clave son o **26 de abril** de o **4 de outubro**, respectivamente. Non obstante, na acción clave 2 os proxectos de apoio á innovación so se poderán presentar na quenda do **26 de abril**.

Erasmus+ é o programa da *Unión Europea* para a educación, a formación, a xuventude e o deporte que está en vigor dende o **1 de xaneiro de 2014** ata o **31 de decembro de 2020**. Esta iniciativa fomenta a mobilidade dentro e fora dos límites da Unión Europea, a aprendizaxe non formal e o diálogo intercultural. Así mesmo, tamén favorece a empregabilidade e a inclusión de todos os mozos e mozas con independencia do contexto social, educativo ou cultural ao que pertencen. Máis polo miúdo, o capítulo de Xuventude do **Erasmus+** brinda apoio para que os mozos e mozas adquiran habilidades esenciais para o seu desenvolvemento persoal e profesional mediante a educación non formal, posibilita ás persoas que traballan no ámbito da xuventude e aos mozos e mozas maiores oportunidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe, potencia a dimensión internacional das actividades xuvenís e o papel dos traballadores e organizacións no eido da xuventude como estruturas de apoio á mocidade.

Neste sentido, a **Comisión Europea** reconece a experiencia e coñecementos a través da educación non formal durante o desenvolvemento dos proxectos financiados por **Erasmus+: Xuventude en Acción**, mediante o certificado **Youthpass**. Así mesmo, a *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, ao abeiro da orde do **26 de febreiro de 2015**, concede aos participantes un certificado de educación non formal que da visibilidade á aprendizaxe adquirida; e se validan as competencias asumidas, contribuíndo así á mellora das posibilidades de emprego da mocidade galega.

No ano 2015 foron aprobados en Galicia no marco de **Erasmus +: Xuventude en Acción** un total de **38 proxectos** nos que participaron 1.263 mozos e mozas e que contaron cun orzamento total de 923.331 euros.

A *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* da *Consellería de Política Social*, como parte integrante do programa **Erasmus+**, leva a cabo funcións de información, asesoramento, avaliación e seguimento de todos os proxectos presentados en Galicia ao abeiro deste programa europeo.

A dirección xeral de Xuventude abre o prazo para a inscrición no foro de participación Ágora sobre o Camiño de Santiago

Luns, 28 Marzo 2016 07:45

A *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, abriu o prazo de inscrición para o foro **Ágora do Camiño**, un evento enmarcado no programa de participación xuvenil **ÁgoraXove** que se celebrará o vindeiro venres **1 de abril** na casa da cultura do **Concello de Palas de Rei**. Os obxectivos desta iniciativa pasan por fomentar o espírito emprendedor dos mozos e mozas a través dunha metodoloxía baseada na educación non formal e o lecer educativo. Deste xeito, o foro contará cunha mesa redonda, baixo o título **"Emprendendo no Camiño"**, que abordará a temática do **Camiño de Santiago** como elemento vertebrador do territorio e como fonte de oportunidades para o desenvolvemento persoal e profesional da mocidade que habita nos concellos polos que transcorre.

Ademais da mesa redonda, **Ágora do Camiño** ofrecerá información sobre o proceso cara á internacionalización profesional e sobre o programa de voluntariado **"Cultura no Camiño"**. Os asistentes tamén coñecerán de primeira man as experiencias dun grupo de mozos e mozas que participaron en programas de voluntariado en distintos concellos polos que transcorre o **Camiño de Santiago**. O foro pecharase cunha actuación musical de participantes no programa da Xunta de Galicia, **Xuventude Crea**. Estes encontros tamén contan

cunha área de asesoramento e networking sobre asociacionismo e participación nos programas de educación non formal da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

Os interesados en asistir aos foros **ÁgoraXove** deberán ser membros de entidades, asociacións xuvenís ou grupos informais; antigos participantes nos *programas de Xuventude, técnicos de Xuventude e de Emprego, concelleiros de Xuventude, monitores e mozos e mozas en xeral*.

A inscrición deberá efectuarse a través da páxina web da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* e o **prazo** para realizar a mesma rematará o **31 de marzo**.

Publicase a orde de subvencións para entidades locais e de acción voluntaria que permitirá a execución de 160 proxectos de voluntariado en 2016 con 800 persoas implicadas

Luns, 28 Marzo 2016 07:46

Mañá luns **28 de marzo** sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia a Orde do 11 de marzo de 2016* pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa **Servizo de Voluntariado Xuvenil** e procederase á súa convocatoria para o ano 2016. O programa **Servizo de Voluntariado Xuvenil** é un programa de educación non formal pioneiro en toda España que se inspira no **Servizo Europeo de Voluntariado**.

O programa consiste en incorporar ás entidades de acción voluntaria e ás entidades locais inscritas no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia** a mozos e mozas galegos de entre 16 e 30 anos para a súa colaboración como voluntarios na realización dos proxectos das entidades ao abeiro da orde anual de convocatoria. As áreas -prioritarias, pero non excluíntes- nas que se poden desenvolver os proxectos serán actividades relacionadas co **Camión de Santiago**; actividades de recuperación da cultura, arte e tradicións populares galegas; actividades con colectivos en situación de risco; actividades xuvenís; actividades ambientais; actividades relacionadas coa igualdade de xénero; e posta en marcha de programas de voluntariado no ámbito familiar por parte das entidades.

Serán beneficiarias da Orde as entidades de acción voluntaria e entidades locais de Galicia que estean legalmente constituídas e inscritas no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia** na data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, se ben tamén poderán solicitar axudas as entidades non inscritas que, na data de publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*, teñan presentada solicitude de inscrición na sección de entidades do **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia**.

O número máximo de mozos e mozas voluntarios por proxecto é de 8, a non ser en caso dunha agrupación de municipios, en cuxo caso pode haber ata 20 voluntarios. Ao finalizar os proxectos, as persoas voluntarias que participaran neles obterán da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* un certificado de experiencias voluntarias, que será depositado no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia**.

A principal novidade da convocatoria deste ano é que as persoas voluntarias que xa colaboraran en anteriores anos poderán repetir a súa participación nos proxectos de acción voluntaria que se leven a cabo neste ano e que se desenvolverán entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2016.

1,5 millóns para o Servizo de Voluntariado Xuvenil.

Desde o ano 2011 a *Xunta de Galicia* investiu neste programa máis dun millón e medio de euros, que permitiu que preto de **2.500 mozos voluntarios** desenvolveran 422 proxectos de acción voluntaria de entidades e concellos. En 2016 prevense como beneficiarias das axudas 100 entidades de acción voluntaria e 60 entidades locais, que suporían un total de **160 proxectos de voluntariado** executados por aproximadamente 800 persoas voluntarias.

Neste ano 2016 vense de incrementar o orzamento da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* en materia de axudas nun 5% con respecto ao ano anterior, ao recuperarse a orde de subvencións para o fomento e a realización de actividades de voluntariado, que tan só irá destinada a entidades de acción voluntaria de carácter privado.

EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Mocidade en acción

Martes, 22 Marzo 2016 11:34



A *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* pon en marcha o programa **"Mocidade en acción"** para achegar aos mozos e mozas unha oferta de actividades innovadoras, un espazo no que poidan manifestar a súa creatividade.

Obxectivos: Desenvolver actividades baseadas nos intereses xuvenís; ofrecer á xuventude a posibilidade de participar activa e socialmente en diferentes actividades que favorezan o seu desenvolvemento mediante a formación e expresión artística, o ocio activo e a integración social; e o apoio ao asociacionismo xuvenil e o traballo en equipo.

Lugares de realización:

- **Espazo Xove de Betanzos**
R/ Valdoncel, nº 7. 15.300 Betanzos
- **Espazo Xove de Vilalba**
R/ Novo Cazon, s/n. 27.800 Vilalba

• **Espazo Xove de Pontedeume**

R/ Alameda de Raxoi, s/n. 15.600 Pontedeume

Datas de realización: Mércores e xoves dende o 6 de abril ata o 2 de xuño de 2016.

Horarios: de 16:00 a 20:00 horas.

Programa de actividades:

Club: Actividades dunha hora de duración para a organización e posta en marcha de colectivos xuvenís co fin de promover o asociacionismo e valores como a superación persoal e o traballo en equipo, entre outros. Inclúe:

- Organización de eventos
- Deportes electrónicos
- Xogos de interior

Ocio ou oficio: visitas coloquios para a achegamento entre mozos/as e especialistas en determinadas materias co fin de aportar coñecementos e intercambiar experiencias. Inclúe:

- Parkour
- Beatbox
- Videoxogos
- Graffiti

Deseña unha idea: Taller sobre o proceso creativo, dende o nacemento da idea ata como plasmala sobre o papel.

Cociña divertida: Taller prácticos que ten como obxectivo promover a alimentación saudable entre a mocidade ao tempo que aprenden receitas gastronómicas.

Acción social: Xornada para a recuperación dun espazo coa finalidade de desenvolver o sentimento de pertenza a súa comunidade e promover o voluntariado xuvenil.

Exhibición: Xornada organizada polos mozos e mozas que participen no programa e que terá como obxectivo dar a coñecer os seus proxectos e coñecementos adquiridos.

Hora	Mércores	Xoves
16:00		Club. Deportes Electrónicos
17:00	Inauguración	Club. Org. Eventos
18:00		Deseña unha idea
19:00	Ocio ou Oficio (Beatbox e Graffiti)	Club. Xogos de interior
20:00		Ocio ou Oficio (Parkour)

Hora	Mércores	Xoves
16:00	Club Deportes Electrónicos	Club. Deportes Electrónicos
17:00	Club Org. Eventos	Club. Org. Eventos
18:00	Deseña unha idea	Diseña unha idea
19:00	Club. Xogos de interior	Club Xogos de interior
20:00	Cociña divertida	Cociña divertida

Hora	Mércores	Xoves
16:00	Club Deportes Electrónicos	
17:00	Club Org. Eventos	Acción social
18:00	Deseña unha idea	
19:00	Club Xogos de interior	
20:00	Ocio ou Oficio (Videoxogos)	Exhibición

- Actividades abertas ao público
- Adestramentos diarios con duración mínima dunha hora
- Desenvolver proxectos persoais así como participar na organización do peche do programa
- Estratexia, traballo en equipo e actividade física.
- Receitas de menos de trinta minutos
- Visitas de profesionais que converteron de súa afición na súa profesión.

ESPAZO XOVE DE BETANZOS	Mércores 6 de abril	ESPAZO XOVE DE BETANZOS	Xoves 7 de abril
	Mércores 13 de abril		Xoves 14 de abril
	Mércores 20 de abril		Xoves 21 de abril

ESPAZO XOVE DE VILALBA	Mércores 27 de abril	ESPAZO XOVE DE VILALBA	Xoves 28 de abril
	Mércores 4 de maio		Xoves 5 de maio
	Mércores 11 de maio		Xoves 12 de maio

ESPAZO XOVE DE PONTEDEUME	Mércores 18 de maio	ESPAZO XOVE DE PONTEDEUME	Xoves 19 de maio
	Mércores 25 de maio		Xoves 26 de maio
	Mércores 1 de xuño		Xoves 2 de xuño

Xornada Xuventude e Igualdade

Mercres, 23 Marzo 2016 10:32



Con motivo do **día europeo da Información Xuvenil**, a *Dirección Xeral de Xuventude* está a organizar a xornada **Xuventude e Igualdade** que se desenvolverá o vindeiro **15 de abril en Santiago de Compostela**.

Os **obxectivos** son concienciar as persoas que traballan coa mocidade sobre a importancia da Información para a prevención da violencia de xénero e o acoso.

Os **destinatarios/as** desta xornada son os *Informadores/as e técnicos/as de Xuventude, técnicos dos Espazos xove, dinamizadores xuvenís, titulados e estudantes de TASOCT, entidades prestadoras de servizos a Xuventude, persoas interesadas na temática*.

Prazo de inscrición: O prazo de inscrición estará aberto ata o día **8 de abril as 14.00 h**

As **prazas son limitadas** ao aforo do salón de actos e o criterio de selección será por orde de inscrición. Ás persoas admitidas comunicaráselle por correo electrónico.

Lugar: Salón de Actos do MUPEGA. San Lázaro. Santiago de Compostela.

PROGRAMA

10:15 h. Entrega de documentación.

10:30 h. Relatorio Inaugural Xuventude e Igualdade.

Cecilia Vázquez Suárez. Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
Susana López Abella. Secretaria Xeral da Igualdade

11:15 h. Relatorio

A Información xuvenil como elemento da prevención e Programas e liñas de actuación para o tratamento da violencia de xénero na xuventude.

Suso Antelo. Director centro coordinador de información xuvenil.
M^a Belén Liste Lázara. Subdirectora Xeral para o tratamento da violencia de xénero.

11:45 h. Mesa redonda.

Igualdade de xénero, educación e acoso escolar.

Esther Arias Martínez. psicóloga do grupo informal Saraiba.
Pilar Lorenzo Vilar. Experta en Violencia de Xénero. DXXPV.
Correspondentes Xuvenís do IES Antón Fraguas de Santiago de Compostela.

12:15 h. Descanso.

12:45 h. Mesa Redonda

Ciberbullying, ciberacoso, sexting no colectivo xuvenil.

Isabel Presas Casheda. Educadora Social. Quérote+
Judith Velasco, psicóloga do grupo informal Saraiba.

14:00 h. Clausura da Xornada

Interactuando no Tempo Libre 2016

Mercres, 23 Marzo 2016 12:36



10^{as} xornadas galegas de actualización de coñecementos e intercambio de experiencias.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, pon en marcha unha nova edición de **Interactuando no Tempo Libre**, conscientes da necesidade de xerar espazos abertos para a escoita, a interacción, o encontro, o intercambio de experiencias e a reflexión construtiva no eido do tempo libre.

No 2015 convocouse un foro aberto para debater sobre a necesidade de dar continuidade ao Interactuando no **Tempo Libre**, os posibles contidos temáticos, a metodoloxía e o formato máis axeitado para estas xornadas. As conclusións foron claras e unánimes: é tempo da 10a edición de Interactuando!!

O **obxectivo** último é o de crear un espazo de reflexión e debate acerca da importancia da educación non formal como acción educativa e transformadora no eido do tempo libre, a través dunha metodoloxía activa e participativa.

As xornadas desenvolveranse no **Albergue Xuvenil de Gandarío** (Bergondo), entre os días **6 e 8 de maio**, e están abertas a calquera persoa relacionada co ámbito do tempo libre.

O **prazo** de inscrición permanecerá aberto até o **20 de abril**. O **prazo** para que as persoas inscritas que estean interesadas en participar no panel nos envíen por email a descrición da súa experiencia remata o **25 de abril**.

A **inscrición e participación** non ten custo, e inclúe o aloxamento e manutención na instalacións do **Albergue Xuvenil de Gandarío** dende a cea do venres ata o almuerzo do domingo. O xantar do domingo é opcional para quen o solicite.

Clube de Conversa en Lingua Inglesa

Luns, 28 Marzo 2016 00:00



A **Primavera** chega ao noso **Clube de Conversa**.

Esta actividade vai dirixida a xente nova con idades comprendidas entre os **18 e os 35 anos**, a excepción do **Grupo 1 de Nivel Intermedio** que non ten límite máximo de idade.

Horarios Nivel Intermedio:

Grupo 1: martes de 17.00 a 18.00 horas. (A partir de 18 anos)

Grupo 2: martes de 18.30 a 19.30 horas. (Mocidade de 18 a 35 anos)

Horarios Nivel Avanzado:

Grupo 1: xoves de 17.00 a 18.30 horas. (Mocidade de 18 a 35 anos)

Grupo 2: xoves de 18.30 a 19.30 horas. (Mocidade de 18 a 35 anos)

O **Clube de Conversa en Lingua Inglesa** é unha iniciativa do **Centro Coordinador de Información Xuvenil**, en Santiago de Compostela, dentro do programa **"O Son das Linguas"** cuxo obxectivo é fomentar os espazos informais de conversa en diferentes linguas.

Para inscribirse na actual convocatoria é necesario ter coñecementos de inglés a nivel Intermedio (B1 MCER) ou Avanzado (B2 MCER). O centro pon a disposición das persoas interesadas en participar unha sala equipada con ordenador e proxector, así como apoio técnico na organización e dinamización da actividade.

Establécense dous grupos para cada nivel nos días e horarios máis arriba indicados.

O número mínimo de participantes en cada grupo para que a actividade se leve a cabo será de 5. O **número máximo** de participantes en cada grupo será de **15**. Así mesmo, xerárase unha lista de agarda para o caso de que se produzan vacantes unha vez iniciada a actividade.

As persoas interesadas poderán solicitar a súa inscrición unicamente nun nivel e nun horario determinado marcando a casilla correspondente na solicitude de participación.

Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Rúa de Ramón Piñeiro nº 17-19 baixo

Telf. 881 99 76 07 / 06

Correo electrónico: oixuventude.traballo@xunta.es

A seguinte táboa describe as diferencias entre o nivel Intermedio (B1) e o nivel Avanzado (B2).

	Nivel Intermedio (B1 MCER)	Nivel Avanzado (B2 MCER)
INTERACCIÓN ORAL	Sei desenvolverme en case todas as situacións que se me presentan cando viaxo onde se fala esa lingua. Podo participar espontaneamente nunha conversa que trate temas cotiás de interese persoal ou que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo, familia, afeccións, traballo, viaxes e acontecementos actuais).	Podo participar nunha conversa con certa fluidez e espontaneidade, o que posibilita a comunicación normal con falantes nativos. Podo tomar parte activa en debates desenvolvidos en situacións cotiás explicando e defendendo os meus puntos de vista.
COMPRESIÓN ORAL	Comprendo as ideas principais cando o discurso é claro e normal e trátanse asuntos cotiás que teñen lugar no traballo, na escola, durante o tempo de lecer, etc. Comprendo a idea principal de moitos programas de radio ou televisión que tratan temas actuais ou asuntos de interese persoal ou profesional, cando a articulación é relativamente lenta e clara.	Comprendo discursos e conferencias extensos e mesmo sigo liñas argumentais complexas sempre que o tema sexa relativamente coñecido. Comprendo case todas as noticias da televisión e os programas sobre temas actuais. Comprendo a maioría das películas nas que se fala nun nivel de lingua estándar.
EXPRESIÓN ORAL	Sei enlazar frases de forma sinxela co fin de describir experiencias e feitos, os meus soños, esperanzas e ambicións. Podo explicar e xustificar brevemente as miñas opinións e proxectos. Sei narrar unha historia ou relato, a trama dun libro ou película e podo describir as miñas reaccións.	Presento descriucións claras e detalladas dunha ampla serie de temas relacionados coa miña especialidade. Sei explicar un punto de vista sobre un tema expoñendo as vantaxes e os inconvenientes de varias opcións.

Ágora do camiño - Palas de Rei

Luns, 28 Marzo 2016 12:40



A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado organiza ou vindeiro **1 de abril**, na **Casa da Cultura do Concello de Palas de Rei**, unha **xornada** onde abordarase a temática do **Camiño de Santiago** como elemento vertebrador do territorio e fonte de oportunidades para o desenvolvemento persoal e profesional dos mozos que habitan nos concellos polos que transcorre.

Esta xornada enmarcase no programa da *Consellería de Política Social* **Ágora Xove**, que está orientado á creación de espazos que faciliten a participación dos mozos galegos na vida social, económica e cultural da nosa *Comunidade Autónoma*; a través da celebración de **12 foros** en distintos puntos da nosa xeografía que fomenten e consoliden o protagonismo dos mozos na súa contorna.

Programa de actividades:

10.00 Acreditacións

10.15 Inauguración

Cecilia Vázquez Suárez, Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Pablo José Taboada Camoeira, Alcalde de Palas de Rei.

Nava Castro Domínguez, Directora da Axencia Galega de Turismo.

10.30 Mesa redonda: "Emprendendo no Camiño"

Rodrigo Rodríguez García, propietario de Granxa Campomaioir SL

Andrés Liz Montes, xerente de Lacteas García Baquero en Palas de Rei.

María Varela Mosquera, propietaria do establecemento de turismo rural A Parada das Bestas.

Silvia María Otero Fernández, xerente de Bio-Palas SL

11:15 Entrevista en clave biográfica: o camiño cara á internacionalización, o mundo por fronteira.

Jesús Manuel Graña Gómez, fundador e xerente do Grupo Empresarial JimSports.

12.15 Pausa

12.45 Programa Voluntariado: Cultura no Camiño / Culture on the Way.

Brais González Estévez, Coordinador do Servizo de Voluntariado Europeo do Centro Xuvenil Abertal. Director do programa de voluntariado Cultura no Camiño / Culture on the Way.

13.15 Panel de experiencias.

Nun formato curto e dinámico un grupo de mozos que participaron en programas de voluntariado en distintos concellos polos que transcorre o Camiño de Santiago compartirán a súa experiencia e expoñerán que competencias e habilidades desenvolveron durante a súa etapa de voluntarios.

13.45 Actuación musical Xuventude Crea.

14.00 Clausura

Espazo networking:

Mesa Asesoramiento da Rede Galega de Dinamización Xuvenil

Concello de Palas de Rei

Omix Concello de Santa Comba

Omix Concello de Ribadavia

Centro Xuvenil Abertal de Vigo

Asociación SharinGalicia da USC

Mesa Querote+

Mesa Garantía Xuvenil

Lugar de celebración:

Casa da Cultura do Concello de Palas de Rei

Praza da Ulloa s/n, Palas de Rei, 27200 (Lugo)

PRAZAS LIMITADAS A 80 PARTICIPANTES


A inscrición estará aberta ata o 31 de marzo.

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Curso de prevención de riscos laborais

Mercores, 23 Marzo 2016 08:24



A **Escola Galega de Administración Pública, EGAP**, convoca un curso de prevención de riscos laborais, nivel básico, para aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais.

O **prazo** de presentación de solicitudes será do **26 de marzo ao 4 de abril de 2016** a través de <http://egap.xunta.es/matricula>

A selección do alumnado farase por orde de inscrición.

Desenvolvemento.

Modalidade: teleformación.

Duración: 60 h edición.

Edicións: tres.

Datas: do 26 de abril ao 30 de xuño de 2016.

Proba final presencial: o día 30 de xuño, ás 10.00 horas. Na EGAP en Santiago de Compostela.

Prazas: 50 por edición.

Máis información na EGAP, teléfono 981 546 257, 981 546 254 e 981 546 335 e no enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.es

Cursos gratutito para mozas/os inscritos en garantía xuvenil

Mercores, 23 Marzo 2016 12:52

O **Grupo Femxa** convoca **cursos gratutito para mozas/os inscritos en garantía xuvenil**, con compromiso de Contratación laboral de polo menos 6 meses:



Actividades Administrativas en la Relación con el Cliente (ADGG0208)

Modalidade: Presencial

Horas: 680 Horas + 120 horas de prácticas

Vigo: Inicio Abril

Fuenlabrada: Inicio Maio

Desarrollo de Productos Audiovisuales Multimedia Interactivos (IMSV0209)

Modalidade: Presencial

Horas: 460 horas + 80 horas prácticas

Madrid: Inicio Abril

Vigo: Inicio setembro

<https://www.cursosfemxa.es/cursos/garantia-juvenil>

Obradoiro de formación cooperativa para persoas que queren emprender

Mercores, 23 Marzo 2016 13:22



UGACOTA convoca o seguinte obradoiro:

Obradoiro de formación cooperativa para persoas que queren emprender

Duración: 20h

Datas: do 10 ao 13 de maio de 2016

Horario obradoiro: 9.30 a 14.30 h

Lugar: Centro de Rede Eusumo Fundación Feiraco (Cooperativa Feiraco: Ponte Maceira, s/n. Ames)

Para máis información: UGACOTA, teléfono 981 575 578. rosaab@ugacota.coop

http://ugacota.coop/wp-content/uploads/2016/03/PROGRAMA_-EMP_AMES.pdf

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsa de verán no Instituto de Astrofísica de Canarias

Martes, 22 Marzo 2016 07:45



O **Instituto de Astrofísica de Canarias (IAC)** convoca unha bolsa de verán para a formación en comunicación e divulgación da cultura científico-técnica nun centro de investigación dirixidas a titulados universitarios recentes.

Beneficiarios.

Recentemente titulados (curso 2014-2015 ou posterior) en estudos superiores universitarios en Ciencias da Información e Comunicación.

Dotación das bolsas.

A **dotación** das **Bolsas de Verán** é de 700 euros brutos mensuais máis unha cantidade de axuda para gastos de viaxe que se abonará nun pago único cuxa contía dependerá do lugar de residencia do beneficiario.

O **IAC** proporcionará aos bolseiros seleccionados un seguro privado de enfermidade e accidente.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de abril de 2016**.

Máis información no BOE do 22 de marzo de 2016 e en <http://www.iac.es/info.php?op1=26>

Becas Faro

Martes, 22 Marzo 2016 09:31



FARO é un programa promovido e financiado polo *Ministerio de Educación* cuxo propósito é fomentar a mobilidade de estudantes de últimos cursos de todas as universidades españolas mediante a realización de prácticas formativas de calidade en empresas situadas en **Europa, Estados Unidos e Canadá** e en empresas españolas ou multinacionais de **Asia e Oceanía**.

Para poder solicitar estas axudas requírese:

PROGRAMAFARO Ser estudante, español ou estranxeiro menor de 30 anos, con residencia legal en España e estar a cursar estudos nunha universidade española.

Estar matriculado en ensinos universitarios conducentes á obtención dun título de *Grao, Licenciatura, Enxeñería, Enxeñería Técnica, Arquitectura ou Arquitectura Técnica*, e superar un mínimo do 70 por cento dos créditos necesarios para a obtención do devandito título. Así mesmo, poderán participar no programa os estudantes que leven a cabo un proxecto de fin de carreira establecido nos plans de estudos universitarios oficialmente recoñecidos.

Cumprir cos requisitos de entrada e estancia esixidos nos países de destino, previamente á súa incorporación.

Non ser beneficiario con anterioridade dunha bolsa de **Mobilidade** (Argo, Faro, Integrants), ou de calquera outra axuda financiada por Ministerio de Educación co mesmo obxecto ou finalidade.

Importante: Non é posible gozar simultaneamente dunha axuda **FARO** e unha **ERASMUS**.

Non poderán participar neste programa:

Titulados. Neste caso, lembramos a existencia dun programa dirixido a este público: *ARGO*. Toda a información pode consultarse na súa páxina web: <http://www.becasargo.es/>

Estudantes de Doutoramento, Máster ou doutro tipo de estudos de posgrao.

Estudantes doutro tipo de Ensinos Superiores como son as impartidas nos Conservatorios Superiores de Música ou as Escolas de Artes, os denominados títulos propios ou títulos universitarios ou homologacións cursadas outros países.

Solicitude:

O proceso de solicitude pasa por tres etapas. Inicialmente é necesario completar o apartado de datos de aptitude para verificar se se cumpre ou non cos requisitos de participación. Os que superen esta etapa, poderán cumprimentar o formulario de datos persoais

para rexistrarse na web do programa. Finalmente, deberán acceder á súa zona de usuario para completar o modelo normalizado de CV que se facilita. Executados estes tres pasos, os candidatos poderán participar nos posibles procesos de selección que se xestionen.

A dotación económica varía en función do país de destino no que teña lugar a práctica e consta de:

Pago das mensualidades en concepto de aloxamento e manutención, cuxo ingreso se realizará a mes vencido e comezará dentro dos cinco primeiros días do mes seguinte ao de inicio da estancia.

Unha viaxe de ida e volta.

O **programa FARO** desenvolverase entre **2015 e 2018**.

Máis información: <http://www.becasfaro.es/home.php>

10 bolsas de formación práctica na Axencia Turismo de Galicia

Mercores, 23 Marzo 2016 07:32



A **Axencia Turismo de Galicia** convoca **10 bolsas de formación práctica** en diversas áreas durante o ano 2016:

8 bolsas de formación práctica especializada para a promoción e información turística, mediante a realización de prácticas tuteladas nas oficinas de información turística dependentes da **Axencia de Turismo de Galicia** distribuídas da seguinte forma: **2 bolsas na Oficina de Turismo de Santiago de Compostela** (rúa do Vilar), **1 bolsa na Oficina de Turismo de Santiago de Compostela** (Centro Internacional de Acollida ao Peregrino), **1 bolsa na Oficina de Turismo da Coruña**, **1 bolsa na Oficina de Turismo de Pontevedra**, **1 bolsa na Oficina de Turismo de Vigo**, **1 bolsa na Oficina de Turismo de Lugo** e **1 bolsa na Oficina de Turismo de Ourense**.

2 bolsas de formación práctica especializada na Área de Estudos e Investigación para a realización de labores de investigación, tratamento e análise de datos en materia turística:

Bolsa A: especialidade de estatística.

Bolsa B: especialidade de turismo.

O **programa formativo** desenvolverase ao longo do ano 2016 cunha duración máxima de seis meses, contados desde a data da incorporación das persoas bolseiras

O **lugar de realización** das prácticas tuteladas será na sede da área, nas oficinas da Axencia Turismo de Galicia da Barcia (estrada Santiago de Compostela-Noia km 3, 15896 Santiago de Compostela).

Requisitos:

Titulación: estar en posesión, antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes das seguintes titulacións. Estas titulacións deben estar finalizadas nos catro anos naturais inmediatamente anteriores ao remate do prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria.

a) Bolsas de formación nas oficinas de información turística: grao en turismo; diplomatura en turismo; técnicos superiores en guía, información e asistencia turísticas; técnicos superiores en axencias de viaxes e xestión de eventos ou titulación homologada equivalente.

b) Bolsas de formación na Área de Estudos Turísticos. Ofértanse dúas bolsas de formación con diferentes requisitos.

I) Bolsa A.

- Licenciatura ou grao en matemáticas.
- Grao en administración e dirección de empresas, grao en economía, licenciatura en administración e dirección de empresas ou economía, licenciatura en ciencias económicas e empresariais ou equivalente.
- Licenciatura, diplomatura ou grao en estatística.
- Enxeñería en calquera rama.

II) Bolsa B.

- Grao en turismo.
- Diplomatura en turismo con posgrao ou máster en turismo.
- Grao en administración e dirección de empresas, grao en economía, licenciatura en administración e dirección de empresas ou economía, licenciatura en ciencias económicas e empresariais ou equivalente con posgrao ou mestrado en turismo.
- Grao ou licenciatura na rama de ciencias sociais e humanidades con posgrao ou mestrado en turismo.

Idiomas:

a) As persoas solicitantes deberán acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel Celga 4, perfeccionamento ou título equivalente.

b) Inglés: certificado B1 ou superior do Marco común europeo de referencia para as linguas no caso das bolsas de oficinas de turismo

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co código de procedemento **TU981A**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **23 de abril de 2016**.

Máis información no DOG do 23 de marzo de 2016 e en <http://www.turgalicia.es/canle-institucional>

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

Concurso do Cartel Anunciador das Festas de San Xoán

Martes, 22 Marzo 2016 07:44

A **Comisión de Festas de San Xoán 2016** presenta as bases do **Concurso do Cartel Anunciador das Festas de San Xoán 2016 no Concello de Carballo** (A Coruña).

A técnica a empregar será libre dentro dos límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica, o cartel realizarase en vertical e o seu tamaño deberá estar comprendido entre 40 e 55 cm de base e 55 e 75 de altura, e deberá figurar o lema: **SAN XOÁN 2016 do 22 ao 26 de XUÑO-CARBALLO**.

O gañador recibirá un premio de 450 euros patrocinado por Opticalia Enriquez.

O **prazo** de presentación das obras está aberta ata o **16 de abril**, os traballos deberán presentarse na *Concellería de Cultura do Concello de Carballo* (tfno. 981 704 300) ou por correo certificado.

As bases tamén se poderán consultar na páxina web do *Concello de Carballo* www.carballo.gal

8ª Convocatoria DKV Fresh Art 2016

Martes, 22 Marzo 2016 12:13

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

DKV Seguros; Universidade Politécnica de Valencia (colabora)

2.- DESTINATARIOS:

- Ter de 15 a 21 anos.

*Só poderán apuntarse ao **DKV Fresh Art** aqueles/as novos de 15 anos que estean a cursar primeiro de bacharelato. No caso de estar na ESO e ter máis de 15 anos, tamén se poderá participar. Os/as menores de 16 anos que resulten gañadores/as deberán presentar autorización dos seus pais, nais ou titores/as legais para poder asistir ao **Campus DKV Fresh Art**.

- Ser estudantes de bacharelato ou grao medio.

- Ser españois/as ou estranxeiros/as residentes en España, en calquera comunidade autónoma, Canarias incluído.

- Que non fosen gañadores/as nin participasen no **Campus DKV Fresh Art** (o de Valencia) en convocatorias anteriores do presente concurso.

As disciplinas aceptadas son:

- Pintura. De calquera tamaño ou técnica.

- Debuxo. De calquera tamaño ou técnica.

- Escultura. De calquera tamaño ou técnica.

- Fotografía. Deberase presentar unha serie dun mínimo de 3 fotografías cun mesmo fío condutor e baixo un mesmo título.

- Vídeo-arte. Pezas dunha duración máxima de 3 minutos. Non se aceptarán curtos cinematográficos.

- Grafiti Pintura mural. Exemplos realizados en calquera tamaño ou técnica, e bosquejo da obra para realizar durante o Campus.

3.- DATA LÍMITE: Ata o 1 de maio de 2016.

4.- MÁIS INFORMACIÓN:

O concurso **DKV Fresh Art** nace coa intención de impulsar a creatividade e innovación a través da arte. Pretende promover as inquietudes artísticas entre estudantes de bacharelato e ciclos formativos de grao medio, premiando a aqueles/as que destaquen pola súa creatividade nalgún campo de expresión da arte contemporáneo.

- **Primeiro Premio.** Para o alumno/a: bolsa de estudos, que poderá ser investida en material, clases ou calquera actividade de formación.

Cantidade: 3.000 euros. **Para a escola:** 1.000 euros netos para material ou calquera actividade de formación.

- **Segundo Premio.** Para o alumno/a: bolsa de estudos, que poderá ser investida en material, clases ou calquera actividade de formación.

Cantidade: 2.000 euros. Para a escola: 1.000 euros netos para material ou calquera actividade de formación.

- **Terceiro Premio.** Para o alumno/a: bolsa de estudos, que poderá ser investida en material, clases ou calquera actividade de formación.

Cantidade: 1.000 euros. Para a escola: 1.000 euros para material ou calquera actividade de formación.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

Envío de traballos a través da páxina web.

concursos.dkvseguros.com/freshart2016

<http://concursos.dkvseguros.com/freshart2016>

participa@concursodkvfreshart.com

Premios Tache. Escola de Xornalismo 2016

Martes, 22 Marzo 2016 12:16

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Escola de Xornalismo UAM - O PAÍS

2.- DESTINATARIOS:

Ter entre 18 e 35 anos. Presentar un traballo de xornalismo elaborado en español ou portugués.

3.- DATA LÍMITE: Ata o 30 de abril de 2016.

4.- MÁIS INFORMACIÓN:

O Concurso premiará a creatividade xornalística á hora de contar e estruturar unha información, co obxecto recoñecer o labor xornalístico das novas narrativas. Premiará a información mellor contada en consideración ao formato utilizado, a título enunciativo e non limitativo, cómic, animación, infografía animada ou inanimada, redes sociais, ilustración, vídeo, fotografía. É dicir, aquela que aproveite mellor os recursos e formatos co maior sentido informativo.

Teléfono móbil de última xeración e matrícula nun taller de fin de semana da Escola.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

Envío de relatos a través do formulario da páxina web.

escola.elpais.com/premios-tache/

<http://escuela.elpais.com/premios-tache/>

escuela@elpais.es

17 Certame de Cómic de Cangas

Martes, 22 Marzo 2016 12:41



A Concellería de Cultura de Cangas, convoca o **14 Certame de Cómic**, dirixido a novos artistas de ata 35 anos cumpridos en 2016.

Establécense tres categorías:

Categoría A de 18 a 35 anos

Categoría B de 14 a 17 anos

Premio á Viñeta Xove para menores de 14.

Os traballos serán orixinais con textos en galego, de creación propia ou inéditos, non debendo ser premiados anteriormente. O tema e a técnica son libres (cor ou branco e negro), en formato DIN-A4.

A extensión será de 4 páxinas para as categorías A e B; e de 2 a 4, para o *Premio Viñeta Xove*. Os traballos deben presentarse antes do 30 xuño de 2016.

Premios:

Categoría A: 500 €

Categoría B: 200 €

Premio Veñeta Xove: 100 €

Os traballos poden presentarse ata o **30 de xuño** na **Casa da Xuventude de Cangas**, Rúa Real 29. 36940 Cangas. Pontevedra.

Os traballos presentarase polo sistema de plica, nun sobre pechado aparte, no exterior deste sobre figurará o título ou lema e a categoría na que se participa e no interior título ou lema, fotocopia do DNI, enderezo e teléfono de contacto.

Máis información na Casa da Xuventude de Cangas, teléfono 986 392 171.

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PUBLICO

Auxiliar de axuda no fogar do Concello de Piñor

Mercores, 23 Marzo 2016 08:40

O **Concello de Piñor** necesita contratar **un/ha Auxiliar de axuda no fogar**.

O **prazo** para presentarse a esta praza estará aberto ata o **31 de marzo de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 23 de marzo de 2016.

Xuíz/a de paz do Concello de Xove

Mercores, 23 Marzo 2016 08:44

O **Concello de Xove** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz/a de paz substituto**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **2 de abril de 2016**.

Máis información no BOP de Lugo do 23 de marzo de 2016.

Convocadas oferta 736 praza do Corpo de Mestres en Castela e León

Mercores, 23 Marzo 2016 13:05

A **Comunidade Autónoma de Castela e León**, convoca as seguintes prazas cando se publique no Boletín Oficial de Castela e León: 160 educación infantil, 199 de educación primaria, 156 de inglés, 79 de educación física, 32 de audición e linguaxe, 40 de música e 70 de pedagogía terapéutica.

Convocadas 2 prazas de policía local no Concello de El Rubio (Sevilla)

Mercores, 23 Marzo 2016 13:06

As praza de administración especial, son convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 21 de marzo. www.boe.es

Convocadas 5 prazas da Escala de Científicos Superiores da Defensa

Mercores, 23 Marzo 2016 13:07

O **Ministerio de Defensa**, convoca estas prazas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información www.boe.es

Convocadas 70 prazas de profesores de inglés en Andalucía

Mercores, 23 Marzo 2016 13:08

As prazas son da **Escola Oficial de Idiomas**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **11 de abril de 2016**. Máis información BOJA do 22 de marzo.

Convocadas 13 prazas de profesores de francés en Andalucía

Mercores, 23 Marzo 2016 13:08

As prazas son da **Escola Oficial de Idiomas**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **11 de abril de 2016**. Máis información BOJA do 22 de marzo.

Convocadas 230 prazas de profesores técnicos de formación profesional

Mercores, 23 Marzo 2016 13:10

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **11 de abril de 2016**.

Máis información BOJA do 22 de marzo. O **prazo** de presentación de solicitudes e ata o **11 de abril**.

Convocadas 1644 prazas de profesores de ESO en Andalucía

Mercores, 23 Marzo 2016 13:10

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **11 de abril de 2016**.

Máis información BOJA do 22 de marzo.

http://administracion.gob.es/pag_Home/empleoBecas/empleo/buscador.html

Convocadas 23 prazas de técnicos especializados de organismos públicos de investigación

Mercores, 23 Marzo 2016 13:13

O **Ministerio de Economía e Competitividade**, convoca estas prazas de acceso libre. O **prazo** é ata o **11 de abril de 2016**.

Máis información BOE do 21 de marzo.

Convocada bolsa de traballo de educadores sociais no Concello de Bueu (Pontevedra)

Mercores, 23 Marzo 2016 13:17

As bases desta convocatoria están www.concellodebueu.org, o prazo de presentación de solicitudes é de **10 días hábiles** a partir do seguinte á publicación no BOPPO do **17 de marzo**.

Convocadas 3 prazas de policía local no Concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

Mercores, 23 Marzo 2016 13:20

As prazas están convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes será de **20 días**, cando se publique esta convocatoria no DOGA.

As bases están no boletín oficial da provincia de pontevedra do **21 de marzo**. www.boppo.es

Convocada 1 praza de Conserxe de edificios municipais en Cuntis (Pontevedra)

Luns, 28 Marzo 2016 09:21

O **Concello de Cuntis**, convoca esta praza de persoal funcionario interino, polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **5 días hábiles**, contados a partir da publicación o **23 de marzo** na páxina www.boppo.depo.es

Bases posto condutor vehículos municipais en Ribadeo (Lugo)

Luns, 28 Marzo 2016 09:21

O **Concello de Ribadeo** convoca as bases pola que se regulará a oferta desta praza laboral interina. A convocatoria será de **20 días**, a partir de que se convoque no DOGA.

O sistema de selección será concurso-oposición.

Máis información http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0_13454_1.pdf#page=3

Convocada bolsa de emprego de auxiliar de axuda no fogar en Ribadeo (Lugo)

Luns, 28 Marzo 2016 09:22

O **Concello de Ribadeo**, convoca as bases desta bolsa e abre o prazo para as solicitudes, que será de **20 días hábiles**, contados a partir da publicación o **28 de marzo** na páxina:

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0_13454_1.pdf#page=8

Oferta emprego público 2016 Concello de Oleiros (A Coruña)

Luns, 28 Marzo 2016 09:23

O **Concello de Oleiros**, oferta as seguintes prazas para o ano 2016: 2 de auxiliar administrativo, 10 de auxiliar de biblioteca, 1 de conserxe e 1 de administrativo informático.

Máis información http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2016/03/28/2016_0000001924.pdf

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Docente "Curso transporte de animais vivos"

Martes, 22 Marzo 2016 07:34

Nº de postos: 1

Localidade: Santa Comba

Tarefas a desenvolver: Impartir curso de transporte de animais vivos, de 20 horas de duración.

Tipo de contrato: Temporal.

Requisitos: Licenciado/a en Veterinaria

Non se require experiencia.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1762/docente-curso-transporte-de-animais-vivos>

Ofertas Servizo Público de Emprego 25/03/2016

Luns, 28 Marzo 2016 07:01

Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: Pobra do Caramiñal, (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2016/2011
- Data: 25/03/2016
- Requisitos: necesítase cociñeiro/a con experiencia na especialidade de cociña asiática e repostería francesa.

Camareiros/as, en xeral

- Localidade: Moeche (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2016/2122
- Data: 25/03/2016
- Requisitos: precísase camareiro/a con coñecementos de cociña para facer pinchos. Valorarase experiencia. Contrato a tempo parcial.

Chapistas-pintores de vehículos

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2016/2148
- Data: 25/03/2016
- Requisitos: necesítase chapista para taller de carrocería. Necesaria experiencia.

Pintores de vehículos, en xeral

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2016/2150
- Data: 25/03/2016
- Requisitos: necesítase pintor/a de vehículos (oficial) para taller de pintura. Necesaria experiencia.

Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: Ortigueira (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2016/2176
- Data: 22/01/2016
- Requisitos: precísase cociñeiro/a para restaurante-asador. Valorarase experiencia.

Camareiros/as, en xeral

- Localidade: Ortigueira (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2016/2178
- Data: 25/03/2016
- Requisitos: necesítase camareiro/a para restaurante-asador-cafetería. Valorarase experiencia.

Instaladores-axustadores de instalacións de refrixeración e aire acondicionado

- Localidade: Vigo (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2016/2214
- Data: 25/03/2016
- Requisitos: instalación e mantemento de frío, climatización e produción de calor. Coñecementos de electricidade e reparación e instalación de caldeiras, radiadores e aire.

Instaladores electricistas, en xeral

- Localidade: Pereiro de Aguiar, O (Ourense)
- Nº oferta: 12/2016/2239
- Data: 25/03/2016
- Requisitos: electricistas para cableado en patinillo. Instalación de circuíto pechado de TV, sistema de detección de incendios, etc. Requisitos: oficial de 1ª ou 2ª. Curso de prevención de riscos laborais 8 hrs. nivel inicial ou aula permanente e 20 hrs. de electricidade. Experiencia mínima 36 meses.

Carpinteiros/as-ebanistas artesáns

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2016/2248
- Data: 25/03/2016
- Requisitos: Oficial de primeira de carpintería/ebanistería. Dou anos de experiencia.

Cociñeiros/as , en xeral

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2016/2291
- Data: 25/03/2016
- Requisitos: necesítanse cociñeiros/as.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

Persoal para mantemento de piscina

Luns, 28 Marzo 2016 07:55

Nº de postos: 1

Localidade: Santiago de Compostela

Tarefas a desenvolver As propias do posto

Requisitos:

- Experiencia como fontanero mínimo 1 ano
- Coñecementos de legionella

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1764/persoal-para-mantemento-de-piscina>

Esteticista

Luns, 28 Marzo 2016 07:55

Nº de postos: 1

Localidade: Santiago de Compostela

Tarefas a desenvolver: As propias do posto.

Requisitos:

- FP de Estética
- Experiencia mínima 1 ano

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1763/esteticista>

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

OMIX

Fórmate Rianxo 2016

Martes, 22 Marzo 2016 06:48

O **Servizo de Xuventude** do **Concello de Rianxo** ven de convocar o programa "**Fórmate Rianxo 2016**", programa de cursos de formación co que se pretende propiciar recursos e habilidades para optimizar a procura de emprego na mocidade rianxeira.

MONITOR/A DE TEMPO LIBRE

Datas: 2 abril a 3 xullo, fins de semana

Maiores de 18 anos

Inscripcións: 22 marzo, ás 12 h

Horas: 350

Prezo: 250 €



LINGUA DE SIGNOS - A1

5 de abril ao 14 de xuño , martes e xoves, de 17 a 20 h

Destinatarios: Preferentemente, de 16 a 35 anos

Inscripcións: 22 marzo, ás 12 h

Horas: 60 h

Prezo: 30 euros

ALEMÁN: INICIACIÓN

4 ao 30 de abril , luns a venres, 11:30 a 13:30

Destinatarios: Preferentemente, de 16 a 35 anos

Inscripcións: 22 marzo, ás 12 h

Horas: 60

Prezo: 40 euros

ACREDITACIÓN EUROPEA DE MANEXO DE ORDENADOR - STANDARD CURSO DE PREPARACIÓN

2 ao 30 de maio, luns a venres, 10 a 14 h

Destinatarios: Preferentemente, de 16 a 35 anos

Inscripcións: 18 abril, ás 12h

Horas: 80

Prezo: 40 euros

INGLÉS AVANZADO - CURSO DE PREPARACIÓN CERTIFICADO TRINITY

6 de xuño ao 4 de xullo , luns a venres, 10 a 14 h

Destinatarios: Preferentemente, de 16 a 35 anos

Inscripcións: 23 maio, ás 12 h

Horas: 80

Prezo: 40 euros

Máis información na OMIX de Rianxo, teléfono 981 100 688.

<http://concelloderianxo.gal/formaterianxo>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net